

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Nº 1 DE RIBEIRA

CURSO: 3º ESO

MATERIA: FÍSICA E QUÍMICA

DEPARTAMENTO: FÍSICA E QUÍMICA

DATA: 8 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1 – ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Explicados ata a suspensión das clases e polo tanto susceptibles de ser avaliados na proba extraordinaria de setembro.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico	FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.
	FQB1.1.2. Registra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunícaos oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.
B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.
B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes e expresar os resultados co erro correspondente.	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o S.I. e a notación científica para expresar os resultados correctamente.
	FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.
B1.4. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e describir e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.	FQB1.4.1. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.
B1.5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación	FQB1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.
	FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.

<p>B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación en que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.</p>	<p>FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.</p>
	<p>FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.</p>
<p>B2.1. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos de diferentes teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e a comprensión da estrutura interna da materia.</p>	<p>FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.</p>
	<p>FQB2.1.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.</p>
	<p>FQB2.1.3. Relaciona a notación A_ZX co número atómico e o número másico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas.</p>
<p>B2.2. Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos.</p>	<p>FQB2.2.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión.</p>
<p>B2.3. Interpretar a ordenación dos elementos na táboa periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos</p>	<p>FQB2.3.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica.</p>
	<p>FQB2.3.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.</p>
<p>B2.4. Describir como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes</p>	<p>FQB2.4.1. Explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación.</p>
	<p>FQB2.4.2. Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente, e calcula as súas masas moleculares.</p>
<p>B2.5. Diferenciar entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en substancias de uso frecuente e coñecido.</p>	<p>FQB2.5.1. Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, e clasifícaaas en elementos ou compostos, baseándose na súa fórmula química.</p>
	<p>FQB2.5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.</p>

B2.6. Formular e nomear compostos binarios seguindo as normas IUPAC.

FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC.

2 – AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	<u>PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS</u> Ademais das probas obxectivas presenciais ou telemáticas, serán empregados como instrumentos de avaliación entre outros os seguintes: intervención nos foros de resolución de dúbidas, entrega dos exercicios voluntarios propostos...
CUALIFICACIÓN FINAL	A terceira avaliación terá un carácter diagnóstico e formativo e en ningún caso o alumnado verá diminuída a súa nota polo traballo desenvolvido durante este terceiro trimestre, tal como establece a instrución do día 27/04/2020. A cualificación final mínima do curso obterase facendo a media entre as cualificacións obtidas na 1ª e 2ª avaliación. Tomando esta como referencia, e sempre que se cumpran estas dúas condicións: <ul style="list-style-type: none">1. O alumnado enviou ou realizou as actividades propostas dentro do prazo establecido e a través dos medios que se indicaron (aula virtual, correo electrónico...).2. O 75 % destas actividades estaban realizadas de forma correcta. O alumnado cunha cualificación: <ul style="list-style-type: none">• <u>Inferior a 5</u> : acadará unha cualificación de 5. Unha vez superada, o alumnado poderá realizar as actividades de ampliación e reforzo que poden supor un aumento dun punto e medio (1,5) como máximo sobre esa nota.• <u>Superior ou igual a 5</u>: poderá conseguir unha subida de ata un punto e medio (1,5) sobre a nota mínima final do curso.

<p>PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO</p>	<p>A proba basearase no grao mínimo de adquisición dos estándares de aprendizaxe impartidos na 1ª e 2ª avaliación ata a suspensión da actividade lectiva o 13 de marzo.</p>
<p>ALUMNADO COA MATERIA DE FÍSICA E QUÍMICA DE 3º ESO PENDENTE</p>	<p><u>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</u> Os que figuran na programación</p>
	<p><u>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</u> O alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Que asistiu regularmente ás clases de pendentes ata o 13 de marzo, farase a media aritmética dos exames feitos. Se esta dá igual ou maior que 5 considerarase a materia superada. - Que só fixo algún exame, resolverá tarefas de recuperación da/s unidad/es que lle falta/n. Terá que realizar correctamente o 75 % das mesmas e entregalos antes da data límite de entrega para que a materia se considere aprobada. - Que non asistiu a ningunha clase nin se presentou ó exame do 31 de xaneiro deberá resolver as tarefas propostas de todas as unidades didácticas impartidos. Terá que realizar correctamente o 75 % das mesmas e entregalos antes da data límite de entrega para que a materia se considere aprobada. - Que aprrobe a materia do curso superior, aproba a materia pendente, tal como consta na programación.
	<p><u>PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</u> Utilizaranse tanto as probas obxectivas como as telemáticas.</p>

3 – METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

ACTIVIDADES	<p>•ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN (REC)</p> <p>Estas actividades están relacionadas cos estándares de aprendizaxe impartidos na 1ª e 2ª avaliación co fin de que o alumnado supere ditos estándares.</p> <p>A) <u>De avaliacións suspensas</u></p> <p>Para a recuperación da 1ª e/ou 2ª avaliación, propóranse actividades relacionadas cos contidos impartidos no 1º e/ou 2º trimestre. Estas atoparanse dispoñibles na aula virtual..., e o alumnado deberá envialas realizadas ó/á profesor/a para a súa corrección dentro do prazo establecido, a través dos medios que se indiquen (aula virtual, correo electrónico...)</p> <p>Indicarase de forma clara si son “Tarefas para recuperar a 1ª avaliación” ou “Tarefas para recuperar a 2ª avaliación”.</p> <p>B) <u>Da materia de Física e Química de 3º ESO pendente</u></p> <p>O alumnado coa materia pendente estará obrigado a realizar as actividades propostas polo profesorado na aula virtual, e-mail,...para tal fin.</p> <ul style="list-style-type: none">- Quen só fixo algún exame, resolverá tarefas de recuperación da/s unidade/es que lle falta/n.- Que non asistiu a ningunha clase nin se presentou ó exame do 31 de xaneiro deberá resolver as tarefas propostas de todas as unidades didácticas impartidas. <p>En ámbolos dous casos (tanto recuperacións de avaliacións pendentes como recuperación de materias pendentes) e en calquera intre deste período, ademais das tarefas poderanse utilizar outros instrumentos de avaliación adaptados ás circunstancias (cuestionario ou probas na aula virtual, videoconferencias en pequeno grupo ou individuais, ...) para valorar o grao de desenvolvemento do programa de recuperación acadado polo alumnado. A información obtida determinaría a nota final, tanto da/s avaliación/s suspensa/s como da materia, no caso dos pendentes.</p> <p>Se previamente ás avaliacións finais, o profesorado e alumnado puidera incorporarse ao instituto, o alumnado que tiveran demostrada a imposibilidade de ter realizadas as actividades telemáticas de recuperación (tanto da 1ª e 2ª avaliación como de materias pendentes) podería realizar actividades presenciais de recuperación. Esta proba conterá cuestións con similar dificultade as realizadas nas actividades de recuperación.</p>
--------------------	---

	<p>● <u>ACTIVIDADES DE REPASO (REP), REFORZO (REF) E AMPLIACIÓN (AMP)</u></p> <p>As actividades propostas poderán incluír a realización de esquemas, gráficos, resolución de exercicios e cuestións, probas online,... e estarán incluídas nalgún dos seguintes tipos:</p> <p>[</p> <ul style="list-style-type: none"> ◆ <u>Actividades de repaso (REP)</u>: relacionadas cos estándares de aprendizaxe impartidos na 1ª e 2ª avaliación, co fin de consolidalos e reforzalos. ◆ <u>Actividades de ampliación (AMP)</u>: relacionadas cos estándares de aprendizaxe do curso co fin de amplialos e afondar nos mesmos. ◆ <u>Actividades de reforzo (REF)</u>: co fin de adquirir os estándares imprescindibles para o desenvolvemento das competencias básicas da área de física e química. <p>]</p> <p>Indicarase de forma clara que son “Tarefas para mellorar a nota final”.</p>
<p>METODOLOXÍA</p>	<p>Todo o alumnado ten conectividade a internet e tamén dispón de ordenador persoal. Se isto non fose así en algún momento buscaríamos a forma de que iso non supoña un impedimento para a realización das distintas tarefas.</p> <p>Empregarase a aula virtual para a procura e entrega das actividades propostas e, de ser o caso, para a realización da proba telemática/cuestionario.</p> <p>A comunicación co alumnado levarase a cabo a través da aula virtual e do correo electrónico proporcionado polo/a profesor/a ao alumnado. Tamén se poderá empregar este medio para a entrega de actividades.</p> <p>Poderán levarse a cabo videoconferencias coa aplicación CISCO WEBEX.</p>
<p>MATERIAIS E RECURSOS</p>	<p><u>Materiais:</u></p> <p>Na aula virtual, o alumnado disporá de:</p> <p>[</p> <ul style="list-style-type: none"> - Unidades didácticas con contidos desenvolvidos, exemplos resoltos e exercicios tipo das unidades impartidas no 1ª e 2º trimestre. - Tarefas diversas. <p>]</p> <p><u>Recursos:</u></p> <p>Apuntes, internet, ordenador, correo electrónico, aula virtual, aplicación Cisco Webex.</p>

4 – INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS	Utilizarase a páxina web do instituto para colgar a adaptación da programación de tódalas materias que imparte o departamento, de modo que tanto o alumnado como as familias teñan acceso inmediato a elas.
PUBLICIDADE	Na páxina web do centro, no apartado Departamentos, estará a disposición de alumnado e familias esta adaptación da programación.